

FICHA TÉCNICA DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL:
“UNHA HORTA ECOLOXICA NA ESCOLA 2008–2009”

1. OBXECTIVOS

O proxecto educativo “ Unha Horta Ecolóxica na Escola” desenrolarase ao longo do curso lectivo escolar 2008–2009 nas instalacións dos centros públicos de educación primaria do Concello de Vigo. O obxectivo principal é fomentar e apoiar o desenvolvemento da educación ambiental e de transmitir ao alumnado o respecto pola natureza e os traballos no campo, así coma ensinarlles a valorar dun xeito crítico os hábitos sociais prexudiciais para o medio ambiente.

O método de traballo proposto basease na procura dos seguintes obxectivos:

- Transmitir coñecementos básicos de xardinería aos nenos/as.
- Presentar ao alumnado as distintas variedades de verduras e hortalizas que poden ser plantadas no noso clima, a súa estacionalidade e as súas características nutricionais básicas
- Orientar aos centros educativos sobre a importancia de aproveitar os xardíns e espazos comúns coma un recurso educativo
- Fomentar nos nenos/as a valorización do traballo do campo.
- Comprender como afectan as características do solo, as horas de insolación e a pluviometría ao desenrolo da vida na horta.
- Transmitir ao alumnado ideas básicas sobre a contaminación e o desenrolo sostible: Cambio climático, escaseza e contaminación da auga, polución... Ofrecendo respostas axeitadas: Aforro de auga, prevención do despilfarro da auga na casa e no colexio, o consumo de materias primas, compostaxe...

Os obxectivos didácticos do proxecto distribuiranse ao longo do curso seguindo os ciclos da natureza: outono, inverno e primavera.

2. A QUE CENTROS DE ENSINO VAI DIRIXIDO

Poderán inscribirse aqueles centros públicos de educación primaria do termo municipal de Vigo que estean interesados en desenvolver este proxecto educativo, SEMPRE QUE CUMPRAN OS SEGUINTES REQUISITOS MÍNIMOS:

- a. Total implicación no proxecto da comunidade educativa.
- b. Contar cun terreo de 80 m² libres preferiblemente illado da zona de xogos habitual dos nenos/as e cunha insolación suficiente.
- c. Contar cun punto para abastecemento de auga próximo á horta
- d. Ter dispoñible unha zona para gardar as ferramentas e os produtos da horta fora do alcance dos pequenos.
- e. Sería convinte dispor dunha zona cuberta para a realización de actividades alternativas (sementar en sementeiros, elaborar perfumes, etc.) durante os días de choiva nos que resulta desaconsellable traballar fora.
- f. Cómpre que xunto coa ficha de solicitude para a participación nesta iniciativa didáctica, o centro achegue unha proposta de traballo para a implementación do programa.

3. ¿QUÉ DEBE SABER O CENTRO ANTES DE PRESENTAR A SÚA SOLICITUDE?

- O proxecto debe contar co respaldo inicial do claustro e consello escolar do centro e a súa aprobación explícita no momento que sexan convocados estes órganos colexiados de goberno.

É importante subliñar que este recurso didáctico que o Servizo de Educación pretende poñer ao alcance dos CEIP públicos non pode perdurar no tempo se non ten a colaboración expresa da meirande parte do claustro do centro, que será o que no futuro sustentará o proxecto co seu traballo.

O Servizo de Educación acondiciona o terreo, aporta as ferramentas, equipos, os medios e o apoio dun monitor no arranque do proxecto, que visitará o centro con frecuencia semanal, pero a comunidade educativa do centro participante debe ser quen de coller o relevo no futuro.

- Este proxecto precisa na medida do posible, dun compromiso real de implicación no desenvolvemento e mantemento da horta do persoal docente e dos membros da comunidade educativa dos CEIP involucrados neste proxecto didáctico. Recoméndase que a persoa designada como “coordinador/a do proxecto da horta” teña na medida do posible algunha hora asignada ao proxecto, e debería constituírse unha “comisión de horta” integrada por alomenos un docente de cada ciclo.
- A monitora da actividade pertencente á empresa “Trillium Consultores” adxudicataria do proxecto, entregará una “ficha de traballo” da actividade a realizar. É necesaria a implicación dos docentes neste momento, para que os nenos/as coñezan que é o que van facer na súa visita á horta ou para ampliar os coñecementos recibidos durante as prácticas, por elo sería recomendable a existencia da “libreta da horta”, onde o alumnado trasladará os contidos explicados na actividade. É moi recomendable que os profesores/as utilicen esta información na aula, cara ao posterior reforzo dos conceptos explicados durante a acción formativa e/ou práctica.
- O proxecto de horta ecolóxica vai procurar a coordinación entre a equipa de monitoraxe e o colexio cos “calendarios de horta” para todos os cursos, nos que se fixan as datas e os grupos que visitarán a horta ao longo de todo o curso escolar, tentando a integración de todo o alumnado do centro mediante a realización de tarefas adaptadas ás súas necesidades.
- Os nenos/as deben baixar á horta acompañados sempre polo seu profesor/a titor/a.

- É recomendable informar ás familias do inicio desta actividade. Informarlles sobre o que van facer os seus fillos/as e o tipo de roupa mais axeitada para as tarefas na horta. (calzado e roupa cómoda e sinxela de lavar).
- As ferramentas a utilizar na horta serán de tamaño e características apropiados para os nenos/as, pero é recomendable que o docente lles fale, antes do inicio da actividade, da necesidade de seren coidadosos para non danarse a si mesmos ou aos seus compañeiros/as.
- É recomendable contar cunha “zona de limpeza delimitada” onde os nenos/as e os útiles de traballo podan limpase evitando ensuciar o resto das instalacións do colexio
- O monitor da actividade debería contar cun lugar no que gardar baixo chave os útiles de traballo (ferramentas, regadeiras, semente, etc.).

4. METODOLOXÍA DE TRABALLO

As actividades serán eminentemente prácticas. Atención personalizada ao alumnado participante. Divulgación escalonada dos contidos teóricos e prácticos de xeito que se esperte a conciencia ecolóxica dos rapaces e se incremente a súa sensibilización medioambiental.

Tratamento de temas transversais (a familia, as desigualdades, o papel da muller, a alimentación correcta do neno/a, etc.)

Serán benvidos a esta actividade as familias dos nenos/as que queiran participar no proxecto, profesores e membros das ANPAs.

5. ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE E AVALIACIÓN

Realizarase unha supervisión constante por parte da empresa organizadora das actividades levadas a cabo polo/a monitor/a.

Elaborarase unha memoria–resumo coas fichas, fotografías e material confeccionado polo alumnado, ademais das enquisas de satisfacción dos membros da comunidade educativa dos centros de ensino participantes.

6. APORTACIÓNS AO PROXECTO DO SERVIZO DE EDUCACIÓN E A EMPRESA ADXUDICATARIA RESPONSABLE DA XESTIÓN DO MESMO:

- Acondicionamento inicial do terreo e preparación do solo (desbrozado ou aporte de terra en función das necesidades do CEIP)
- Adquisición de ferramentas e equipos para os traballos na horta:
 - Rastrelos, sachos, sachiños ...
 - Material de rego: regadeiras de pouca capacidade para facilitalo seu manexo, bidóns, etc.
 - Material para loitar contra os parásitos (ecolóxico, non perigoso para os nenos nin para o cultivado)
- Deseño da horta
- Preparación e marcado dos bancais iniciais
- Selección de especies axeitadas
- Desenvolvemento pedagóxico do proxecto a cargo dun monitor/a especializado en educación medioambiental (clases semanais coa totalidade dos grupos do centro segundo programación aprobada).
- Merca e suministro de sementes, plántulas, bulbos, abonos orgánicos non perigosos ...
- Actividades de mantemento
- Compostaxe.

7. ENTRE AS ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO PRIMEIRO TRIMESTRE DESTACAN AS SEGUINTE:

- Preparación do solo para os posteriores traballos
- Práctica: orientación
- Práctica: gráfica do sol
- Práctica: tipo de solo/ medición do pH
- Delimitación das áreas de traballo na horta
- Sementado de especies de outono (fabas, brócoli, repolo, porros, acelgas etc.)
- Sementado de bulbos en sementeiros e no solo (flores, allos, etc.)
- Eliminación de herbas inoportunas
- Práctica: visitantes da horta

Nota: Estas actividades poderán variar en función do clima e dos criterios pedagóxicos da monitora.

8. DURACIÓN DO PROXECTO:

De Outubro 2008 a Maio 2009 en horario lectivo con visitas en frecuencia semanal do/a monitor/a especializada en educación ambiental. Poderán participar todos os grupos do centro por quendas nas actividades desenroladas. A programación de traballo con cada grupo acordarase co monitor/a da empresa contratada polo Concello de Vigo para o desenvolvemento do proxecto "HORTA ECOLÓXICA NA ESCOLA".

9. DATOS DE CONTACTO:

Servizo de Educación

Rúa Oporto, nº 1, 2º Andar.

Telf 986447400 Fax 986449379

E-mail: ofi.educación@vigo.org

Técnico Responsable: Pedro M^a Vázquez Iglesias (E-mail: ime@vigo.org)

Empresa Calidad y Gestión Medioambiental Trillium S.L.

Teléfono: 981 57 26 00 Fax: 981 56 67 59

Marta González Moldes martagm@trillium.es (dirección)

Teresa González Sanz teresags@trillium.es (coordinación/monitores)

FICHA DE SOLICITUDE DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL:
“UNHA HORTA ECOLOXICA NA ESCOLA 2008-2009”

Centro: _____

Enderezo: _____

Telf: _____ Fax: _____

E-mail: _____

Nº grupos aula primaria: _____ Nº alumnos/as primaria: _____

Coordenador/a ou persoa de contacto: _____

OBSERVACIÓNS:

Asdo:
(nome e apelidos)

Selo do centro

- Pregamos remitir a solicitude de participación antes do 2 de Outubro a calquera dos seguintes números de fax (986449379 - 986449359) e achegar ao Servizo de Educación antes da referida data dossier que recolla compromisos do centro e a proposta de traballo suxerida polo centro para a implementación do programa.
- Dado que o número de centros escolares que poden participar nesta iniciativa didáctica é limitado, de ser o caso, atenderase a criterios como o de rigurosa orde de solicitude.

Para máis información

Servizo de Educación

Rúa Oporto, nº 1, 2º Andar.

Telf 986447400 Fax 986449379

E-mail: ofi.educación@vigo.org

Técnico Responsable: Pedro Mª Vázquez Iglesias (E-mail: ime@vigo.org)